

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRIXIDO AO COLECTIVO DE LESIONADOS MEDULARES E/OU GRANDES DISCAPACITADOS RESIDENTES EN GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS E O MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que a entidade realizase dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste instrumento coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto os servizos de información, orientación e asesoramento; o de transporte adaptado non cuberto por outros servizos; o de apoio psicosocial ao novo lesionado medular, e o servizo de rehabilitación integral.

Que existe unha converxencia de intereses entre as entidades asinantes de cara á consecución do obxecto referido.

Conforme ao exposto, a Consellería de Política Social ten interese en subscribir un convenio de colaboración coa entidade ASPAYM para contribuír ao financiamento do seu mantemento e das actividades que comporta o programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e as súas familias que a entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2022.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, ASPAYM aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as razóns que acreditan o interese social deste convenio son as seguintes:

- a) As actuacións que se van subvencionar por medio del, recollidas na súa cláusula primeira.
- b) A súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, (concretamente no seu artigo 20), onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- c) E as necesidades específicas inherentes ao colectivo ao que van dirixidas.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

